



GR/ao



**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

A Deputada Delegada en materia de asistencia técnica a municipios, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**

Visto o informe xurídico-proposta de resolución do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 4 de decembro de 2018, co seguinte teor literal

**"INFORME XURÍDICO-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

*Resultando que no presente expediente están acreditados os seguintes,*  
**ANTECEDENTES DE FEITO**

***Primeiro.** O 4 de decembro de 2018 ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra (nº de rexistro web 2018012838) escrito do Concello de Mondariz a través do cal solicita a designación de persoal técnico provincial para asesorar á mesa de contratación no expediente do subministro "Máquina trituradora con remolque con cargo ás subvencións para a consolidación do Plan Revitaliza".*

***Segundo.** Ese mesmo día dáse traslado de dita solicitude ao Servizo de Asistencia Intermunicipal para que eleve proposta de nomeamento de persoal atendendo ás características da petición e ás propias necesidades do servizo, designando para ditas funcións a María Martínez Abraldes, Técnica do Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra.*

*Considerando que ao presente expediente lle son de aplicación os seguintes,*  
**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

***Primeiro.** De acordo co disposto no artigo 36.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, é competencia da Deputación "La asistencia y cooperación jurídica, económica y técnica a los Municipios, especialmente a los de menor capacidad económica y de gestión".*

***Segundo.** Dita asistencia prestarase, entre outros medios, dando soporte aos Concellos na tramitación de procedementos administrativos, tal e como preceptúa o artigo 36.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

## CONCLUSIÓN

*Vistos os antecedentes de feito mencionados e a motivación legal exposta, procede efectuar o nomeamento do persoal citado na parte expositiva desta proposta de resolución para asesorar á citada mesa de contratación do Concello de Mondariz.*

*Os gastos de viaxe e, no seu caso, dietas, asistencia e calquera outro gasto que se puidese orixinar, serán de conta da Corporación convocante.*

## RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

*De conformidade co disposto na Resolución Presidencial nº 2018013467, de 12 de xullo de 2018, de delegación de competencias da Presidencia, elévase á Deputada Delegada en materia de asistencia técnica a municipios, Dona Digna Rosa Rivas Gómez, a seguinte*

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**Primeiro.** *Acordar o nomeamento de María Martínez Abraldes, Técnica do Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra, para asesorar á mesa de contratación no expediente do subministro "Máquina trituradora con remolque con cargo ás subvencións para a consolidación do Plan Revitaliza" no Concello de Mondariz.*

*Os gastos de viaxe e, no seu caso, dietas, asistencia e calquera outro gasto que se puidese orixinar, serán de conta da Corporación convocante.*

**Segundo.** *Notificar a presente Resolución á Interesada, Concello de Mondariz, Presidencia e Servizo de Asistencia Intermunicipal.*

*Pontevedra, 4 de decembro de 2018.*

*O Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.*

*Gabriel Rodríguez Alonso."*

Vista a precedente proposta de resolución, **RESOLVO** de conformidade coa mesma.


Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa recepción (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de

outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da mesma (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa). Todo iso sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera outro recurso que estime procedente.

O que lle comunico para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

Pontevedra, 4 de decembro de 2018.

O SECRETARIO.



Por delegación, o Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal,  
segundo R.P. nº 2017001033, de 25 de xaneiro de 2016.

Concello de Mondariz.